

A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA CONVOCA OS XIV PREMIOS IRMANDADE DO LIBRO

A **Federación de Libreiros de Galicia**, convoca os **XIV Premios Irmandade do Libro**, nas modalidades de *Centros de Ensino, Medios de Comunicación e Novas Tecnoloxías, Autor, Mellor Libro Galego do Ano, Institucións ou Entidades e Libreiros*.

BASES PARA PARTICIPAR NA MODALIDADE DE CENTROS DE ENSINO

Poderán participar tódolos centros de ensino públicos e privados de Galicia.

Os participantes, deberán presentar, na **Federación de Libreiros de Galicia**, na rúa **República de El Salvador, 28 entrecán B, 15701 Santiago de Compostela**, unha memoria detallada do traballo realizado no centro **durante o ano 2004**, na que se recolla toda a actividade relacionada co libro e a lectura en xeral e sobre o libro galego e a lectura galega en particular, así como o traballo realizado a prol da cultura en xeral.

O xurado, valorará a documentación, bibliografía e outros materiais que os centros desexen enviar, para complementar a memoria presentada.

Os traballos **deberán presentarse na Federación de Libreiros de Galicia debidamente identificados**, para o seu rexistro e certificación da data de entrada. No caso de envialos por axencia ou por correo, deberán **certificalos** para poder acredita-la data de entrega no seu destino. Na memoria, deberá figurar o enderezo, teléfono, fax e correo electrónico, se houber.

A data límite para a recepción dos traballos nos locais da Federación de Libreiros de Galicia, será a do **25 de febreiro do 2005, ás 14.00 horas**.

O xurado estará formado polas seguintes persoas: O presidente da Federación de Libreiros de Galicia. Un escritor en lingua galega. Un profesor de lingua e literatura galega. Un membro da Asociación de Bibliotecarios. Un representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Un editor. Dous libreiros, membros da Federación de Libreiros de Galicia. Actuará como secretario, con voz e sen voto, o secretario da Federación de Libreiros de Galicia.

O xurado seleccionará **tres colexios finalistas**. O gañador, recibirá unha **estatuíña de bronce** e un cheque por importe de **1.500 € para a adquisición de libros** en calquera das librerías **integrada na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador**. Os outros dous finalistas, recibirán un **diploma acreditativo** e un cheque por importe de **300 € para a adquisición de libros** en calquera das librerías **integradas na Agrupación de Libreiros ás que pertencen as localidades dos colexios finalistas**. A **Federación de Libreiros de Galicia, non se fará cargo do importe dos libros adquiridos noutras librerías non autorizadas**.

A entrega dos premios, terá lugar na cidade de **Ourense**, o día **2 de abril de 2005**, en lugar e hora que será indicado oportunamente.

O premio, nesta modalidade, será **único e indivisible**, podendo quedar deserto si o xurado o estima oportuno.

A participación no certame, implica a plena aceptación das bases.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2005